



## **DECRETO DA ALCALDÍA**

Dentro do programa de Actividades Culturais que o concello ten previsto realizar no presente ano de 2016, se pretende desenvolver o “II GALARDÓNS SÍNTETE COVELO 2016”. Para o desenvolvemento desta actividade e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO: APROBAR AS SEGUINTE:

### **BASES**

#### **Obxecto e ámbito de aplicación.**

“I Galardóns Síntete Covelo”, ten a finalidade de facer público o recoñecemento de proxectos destacados e relevantes para Galicia, e en especial ao noso pobo Covelo. Tendo en conta a contribución á creación, o arte, a ciencia ou humanidades e tamén a nivel deportivo.

#### **Participantes.**

Será aberto a solicitude de presentación as candidaturas presentadas por calquera persoa física, xurídica, asociación ou club, propoñéndose a eles mesmos ou a outra candidatura.

#### **Formato das candidaturas.**

As candidaturas terán que ser presentadas mandando o dossier por diferentes medios, a atención da concelleira de cultura :

- En soporte informático, no correo [concelleriacultura.covelo@fegamp.gal](mailto:concelleriacultura.covelo@fegamp.gal)
- Por correo ordinario.
- Ou entregando nas oficinas do Concello de Covelo.

Deberán incorporar o seu curriculum ou memoria do seu percorrido, notas de prensa, entrevistas na radio ou televisión, vídeos, etc., que deberán aportar nun sobre onde indique os datos da persoa, empresa, asociación ou club que se propón para o “II Galardóns Síntete Covelo”.

#### **Xurado.**

O xurado estará formado por 3 tres persoas, membros dos distintos partidos políticos do noso Concello, por partes iguais.

1. M<sup>a</sup> Soledad González Arjones (ou persoa en quen delegue)
2. Alejandro Osorno Rodríguez (ou persoa en quen delegue)
3. José Fernández Muradás (ou persoa en quen delegue)

O xurado será o encargado de estudar e valorar segundo a táboa do (Anexo 1) e puntuar, podendo conseguir un máximo de 30 puntos e en caso de empate, realizarase sorteo metendo os nomes nunha bolsa pechada e escollendo unha man inocente o día da entrega dos galardóns.

Criterios de valoración:

1. Empadroado ou con sede no Concello de Covelo
2. Fomento do nome do noso pobo
3. Fomento do nome de Galicia
4. Fomento das tradicións galegas
5. Valoración das contribucións a creación, arte, ciencia ou humanidades e tamén a nivel deportivo, tanto dentro do municipio, como a nivel nacional e internacional.

JUAN PABLO CASTILLO AMIGO (1 para 2)

ALCALDE

Data de Sinatura: 07/04/2016  
HASH: efd4cc3d08a3e18640eaf6e80e56f31



Mería Jesús Rodríguez Freire (2 para 2)

Secretaría Intervención

Data de Sinatura: 07/04/2016  
HASH: 0854477c0e8a327b934f2c63cc2f6f



**DECRETO**

Número: 2016-0088 Data: 07/04/2016



Cod. Validación: 7HLHT6DKD2MFLYF3CX533GGPA | Corrección: http://covelo.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espública | Páxina 1 a 2



## 6. Traxectoria e recoñecementos nacionais e internacionais.

As dúas candidaturas que obteña a maior puntuación, serán as galardoadas, facéndolle entrega dunha placa conmemorativa e un agasallo representativo do Concello de Covelo nun acto público.

### Datas importantes.

- Venres 6 de maio as 14:00h. remata o prazo de presentación de candidatos aos Galardóns, tódalas candidaturas presentadas fora desa data non serán avaliadas polo xurado.
- Domingo 22 de maio ás 20:30h. entrega de galardóns no Auditorio Municipal de Covelo, amenizado o evento pola Coral Xuntanza de Covelo.

### Aceptación das bases.

A participación e presentación da candidatura neste segundo certame de Galardóns Síntete Covelo, implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases. Quedan excluídos de ser galardoados os familiares en primeiro grado do membros do xurado.

### Aplicación orzamentaria.

O gasto total máximo desta actividade é de 750€, que se imputará a partida orzamentaria 334.226,09.

O mando e asino en Covelo, na data que figura no marxe.

O ALCALDE  
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

A SECRETARIA  
Asdo. M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Freire  
(Documento asinado electrónicamente)

DECRETO

Número: 2016-0088 Data: 07/04/2016



Cod. Validación: 7HLT6DKD2MFLYPCX533GQPA | Corrección: <http://covelo.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

(ANEXO I)

**CRITERIOS DE VALORACIÓN**

<b>Candidato</b>	<b>DNI ou CIF</b>
<b>Domicilio</b>	<b>Telf.</b>
<b>Empadroadado ou con sede no Concello de Covelo</b>	(5 puntos)
<b>Fomento do nome do noso pobo</b>	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
<b>Fomento do Nome de Galicia</b>	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
<b>Fomento das tradicións galegas</b>	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
<b>Valoración das contribucións a creación, arte, ciencia ou humanidades e a nivel deportivo, tanto dentro do municipio, como a nivel nacional e internacional.</b>	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
<b>Traxectoria e recoñecementos nacionais e internacionais.</b>	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)

